

Alfonso I, o Batallador

Rei de Aragón e Pamplona, foi un dos máis importantes reis aragoneses e o máis famoso guerreiro do seu tempo, non en balde foi chamado "a espada da cristiandade". No seu labor de reconquista chegou a duplicar a extensión dos seus territorios.

Non estaba chamado a reinar, pois era o pequeno de tres irmáns, pero ao falecer estes sen sucesión, Alfonso herda o trono en 1104 e goberna ata 1134.

Educouse nun ambiente extremadamente relixioso, que contrasta co seu carácter difícil, e violento, con dificultades para relacionarse cos demais, especialmente as mulleres. Díciase que prefería durmir cos seus soldados que baixo teito, e que reaccionaba moi mal fronte ao rexeitamento e á crítica.

Cando Alfonso VI nomea á súa filla Urraca herdeira do reino de León, é xa viúva, e os nobres, medorentos da ameaza almohade, forzaron un matrimonio con Alfonso I de Aragón. Craso erro, Alfonso I era sen dúbida a persoa menos idónea para ser o esposo dunha muller independente e forte como dona Urraca. Mentres Alfonso goberna en solitario, Urraca resístese, e non quere exercer de raíña consorte.

As capitulacións matrimoniais da parella real prexudicaban os dereitos sucesorios do fillo de Urraca e Raimundo, e os nobres galegos revélanse en favor dos dereitos sucesorios do infante Alfonso. O Batallador reprime a rebelión e vence momentaneamente aos rebeldes en Monterroso. Pero só será o principio dunha serie de enfrontamentos que só terminarán cando se separe de Urraca.

Por outra banda o matrimonio non funciona, desde o principio xurdiron as desavinzas, os esposos non se soportaban, e parece que Alfonso chegou a maltratar a Urraca física e psiquicamente. Chegarán a enfrontarse no campo de batalla, e durante os cinco anos que dura o matrimonio sumirán a Castela e León nunha guerra civil, interrompida por breves lapsos de paz, acordos e reconciliacións, que rapidamente volven deixar paso aos enfrontamentos.

O arcebispo de Toledo e o abade de Cluny, parentes de Raimundo, buscando protexer os intereses do seu fillo, interceden ante o papa Pascual II para que anule o matrimonio argumentando que os esposos eran primos segundos. (algo normal entre reis na época, pero que ao cabo serviu para que o Papa anulase o matrimonio).

O papa concede a anulación do matrimonio en 1112, pero eles non se separan e ameázanos coa excomuñón. En 1114 chéganlle noticias a Alfonso de que Urraca tenta envelenalo, e xa canso decide repudiar á raíña e centrarse na reconquista.

En 1126 estivo a piques de enfrontarse a Alfonso VII en terras de Palencia, pero a batalla non chega a iniciarse grazas á intervención das autoridades eclesiásticas de ámbolos reinos que esixen non derramar máis sangue cristián neste conflito civil e poñer todas as enerxías na conquista da España moura.

Froito deste acordo asinaranse as Paces ou Pacto de Tamara en 1127. Nel O Batallador renuncia ao emprego do título de emperador en favor de Alfonso VII, e cédense mutuamente os territorios en conflito.

Alfonso non tivo descendencia, e ao morrer en 1131, seguindo o seu peculiar estilo, en lugar de nomear herdeiros aos seus irmáns, repartiu o seu reino entre as ordes militares do Amorne, Santo Sepulcro e San Juan do Hospital.

Os testamento era irrealizable, polo que os nobres non recoñecen os desexos do monarca falecido e o reino volve fragmentarse, despois de medio século, en Aragón e Navarra. Aragón pasa a mans de Don Ramiro o Monxe, irmán do falecido que reinará como Ramiro II, e Navarra é entregada a García Ramírez "O Restaurador".

Curiosamente a herdeira de don Ramiro casaría cun vasalo de Alfonso VII, polo que Aragón pasaría a ser "vasalaxe" do seu fillastro a que tanto odiou.